

Sr. conselleiro de Política Social
Edificio Administrativo San Caetano s/n
15781 - Santiago de Compostela

Expediente: G.6.Q/29057/17

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017

Sr. conselleiro:

Desde hai tempo aprécianse numerosos e considerables atrasos nas tramitacións das valoracións de discapacidades, especialmente en algúns equipos, o que afecta ás cidades e contornas nas que prestan servizo.

Hai anos que se achegan numerosas queixas por este motivo, confirmadas cos informes. A anterior consellería informou de que adoptaría medidas para mellorar os tempos de resposta, en especial nos equipos máis atrasados, pero despois dun tempo seguimos coñecendo amplos atrasos. Anunciou que aplicaría esas medidas como resposta as numerosas queixas, recomendacións formuladas e informes dirixidos ao Parlamento de Galicia, pero a situación seguiu nos mesmos termos.

A consellería alegaba que os atrasos non producían efectos prexudiciais porque o seu resultado se retrotrae á solicitude. Porén, comprobamos que os prexuízos son claros en moitos casos. Non se recollían nos supostos de valoración prioritaria porque de facelo a práctica totalidade das valoracións serían tales, o que desvirtuaría a urxencia ou prioridade.

A nova consellería aportou recentes respostas nas que indica que tiña previsto a aplicación doutras medidas que permitirían solucionar o problema. En relación con iso considérase necesario coñecer os detalles da posta en marcha desas medidas, e sobre todo coñecer os resultados actuais e a súa previsible proxección cara ao prazo no que rematarían. En especial sería conveniente coñecer o tempo de espera que se está a dar en cada unha das zonas de valoración e os que se esperan acadar cando remate a aplicación das medidas.

Nas diferentes recomendacións dirixidas á consellería por este motivo indicábamos a necesidade de abordar o problema con carácter xeral, ao marxe do tratamento do problema singular do reclamante. Avaliar o resultado das medidas anunciadas permitiría coñecer a efectividade das mesmas e tamén das recomendacións formuladas, que respondéronse por

parte da consellería mediante o recoñecemento do problema e o anuncio das medidas para abordalo.

En consecuencia requirimos dese órgano que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información sobre as medidas adoptadas ou previstas para facer fronte aos retrasos nas valoracións de discapacidade; sobre os resultados actuais e a súa previsible proxección cara ao prazo no que rematen as medidas; sobre o tempo de espera que se está a dar en cada zona e que previsiblemente se dará despois da aplicación das medidas; e sobre as demais circunstancias relevantes.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e saúdoo atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo

Sr. conselleiro de Política Social
Edificio Administrativo San Caetano s/n
15781 - Santiago de Compostela

Expediente: G.6.Q/29057/17

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2018

Sr. conselleiro:

Desde hai tempo aprécianse numerosos e considerables atrasos nas tramitacións das valoracións de discapacidades, especialmente en algúns equipos, o que afecta ás cidades e contornas nas que prestan servizo; por este motivo o 30 de novembro requiriuse informe a ese órgano.

Transcorrido amplamente o prazo de 15 días establecido no artigo 22 da Lei do Valedor do Pobo sen recibir o seu informe, requíreselle a través deste escrito para que dea cumprimento urxente ao preceptuado na citada lei autonómica (adiantando o informe vía fax ou e-mail). Recórdaselle especialmente a obriga de todos os poderes públicos de Galicia de prestar o auxilio e colaboración que lles sexan demandados por esta institución nas súas investigacións e actuacións (art. 26.1 da citada Lei).

Reciba un atento saúdo.

The image shows a handwritten signature in blue ink that reads "Milagros Otero". To the right of the signature is a rectangular blue official stamp. The stamp contains the text "Valedor do Pobo" in a bold font, with "Galicia" written in a smaller font below it. There are also four small blue dots arranged in a vertical line to the left of the text.

Milagros Mª Otero Parga
Valedora do Pobo